

Estado, poder e democracia.

Unha sociedade é unha agrupación de individuos, estable e permanente no tempo, constituída por unha colectividade que participa dunha cultura común (se ben as actuais sociedades globalizadas son colectividades humanas multiculturais, isto é, nas que coexisten diversas culturas, en outras palabras, comunidades integradas por persoas con diferentes linguas, relixións, etnias, etc.). Cando unha sociedade posúe órganos políticos, administrativos e institucións propias falamos de “Estado”. Habitualmente, entendemos por Estado o conxunto dos devanditos órganos e institucións que exercen o poder dentro da sociedade. Polo que o concepto de Estado vai intimamente ligado á idea de poder político.

Cando se fala de democracia dicimos que esta constitúe un Estado de dereito. O Estado de dereito foi o resultado histórico das revolucións liberais que tiveron lugar en Europa e América durante os séculos XVII, XVIII e XIX. Especialmente relevantes foron as revolucións inglesa, americana e francesa.

Segundo o profesor Elías Díaz, especialista en Dereito constitucional, “o Estado de dereito é o Estado sometido ao dereito, é dicir, o Estado cuxo poder e actividade veñen regulados e controlados pola lei. As características xerais que corresponden, como esixencias básicas e indispensables, a todo auténtico Estado de dereito poden concretarse fundamentalmente nas seguintes notas:

- a) Imperio da lei: Como expresión da vontade xeral.
- b) División de poderes: Lexislativo, executivo e xudicial.
- c) Legalidade da administración: Actuación segundo a lei e suficiente control xudicial.
- d) Dereitos e liberdades fundamentais: Garantía xurídico-formal e efectiva realización material.”

(Elías Díaz, Estado de derecho y sociedad democrática)

Mediante estas características, o Estado de dereito opónse aos Estados absolutistas, autoritarios e totalitarios. Analicemos, de seguido, os atributos enriba enumerados:

Imperio da lei: Tanto os gobernantes como os gobernados están sometidos á lei común que está por enriba deles. Na Constitución recóllese o marco xurídico básico a partir do cal se desenvolven as leis particulares. Por ser a base da lexislación, a Constitución recibe o nome de Carta Magna ou lei de leis.

División de poderes: A diferenza das organizacións políticas ditatoriais, nas que os que fan as leis son quen as interpretan, sancionan e aplican, no Estado de dereito a institución que elabora as leis (poder lexislativo, parlamento) non é a mesma que as

leva á práctica (poder executivo, goberno) e tamén e outra a institución que imparte xustiza (poder xudicial, xuíces e maxistrados nos distintos tribunais de xustiza: superior, supremo e constitucional, no caso español). Este sistema de equilibrio e distribución de poderes cuxa finalidade é evitar o despotismo e a concentración de poder nunhas soas mans e baixo unha única institución do Estado, recibe o nome de teoría da separación ou división de poderes e foi enunciada na súa tripla división polo filósofo ilustrado francés do século XVIII, Montesquieu, no seu libro O espírito das leis.

Legalidade da administración: Os actos das administracións públicas non poden ser arbitrarios nin polo tanto contrarios ás leis. Tanto as actuacións dos representantes políticos da cidadanía como as dos funcionarios públicos están sometidas ao control das leis e teñen que estar axustadas á lexislación en vigor. Os membros da administración do Estado e das institucións políticas non quedan ao marxe das leis e da xustiza polas que se teñen que rexir todos os cidadáns.

Dereitos e liberdades fundamentais: Un Estado de dereito ten que garantir un conxunto de dereitos básicos e de liberdades fundamentais, tanto aos seus cidadáns como ao conxunto de residentes que habiten dentro do territorio do Estado. Se ben poden existir certos dereitos aos que tan só sexan acredores os cidadáns e non os residentes estranxeiros (por exemplo, o dereito ao voto), pero os dereitos elementais das persoas, tal e como quedan recollidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, promulgados pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1948 e ratificada por todos os Estados democráticos, son dereitos que posúen todos os habitantes do territorio do Estado, sexan ou non nacionais.